

BLOQUE

Boletín informativo



Cambados, maio 2005, Nº 21

UN PAÍS NOVO

O 19 de Xuño a cidadanía galega ten a oportunidade de comezar unha nova etapa. Para construír un país novo e deixar atrás, como un mal recordo, o que dezaseis anos de gobernos do PP deixaron no noso país: regresión económica e social, restrición das liberdades democráticas e perda dos nosos sinais de identidade nacional.

As eleccións ao Parlamento de Galiza servirán para designarmos ao novo Presidente da Xunta e máis ao Goberno galego para os vindeiros catro anos. Mais servirán tamén para algo aínda máis importante: para que emerxa un país novo, aberto e solidario, orgulloso da súa personalidade e convencido das súas potencialidades. Un país no que pague a pena vivir e co que pague a pena comprometerse

Galiza precisa un cambio de goberno que implique ademais un cambio de política. Non será abondo cambiar para que apenas nada varíe: hai que cambiar para darlle un novo pulo ao país. Os homes e as mulleres do BNG sempre estivemos convencidos de que Galiza contaba coa enerxía necesaria para cambiar este estado de cousas. E por iso estamos preparados para empregar esa enerxía social a favor dun cambio no país. Porque Galiza precisa un cambio de goberno que implique ademais un cambio de política. E ese cambio real, ese cambio galego, só é posíbel cun goberno liderado polo nacionalismo galego. Con Anxo Quintana de presidente.

Porque só o BNG é garantía de rexeneración democrática e respecto polos dereitos e



liberdades de todos e todas, sen excepción nen discriminación algunha. Só BNG é garantía de que as institucións públicas actúen con eficacia e obxectividade, ao servizo do país. Só o BNG é garantía de que os galegos e as galegas contemos con servizos públicos de calidade e accesíbeis a todas as persoas. Só o BNG é garantía dunha política económica sustentábel que persiga un desenvolvemento harmónico e equilibrado do país e o logro de maiores cotas de emprego e de ben-estar para todos e todas. Só o BNG é garantía de avanzar no autogoberno e de lograr para Galiza xogue outro papel no marco estatal e europeo. Que Galiza sexa respectada.

Máis democracia. Máis ben-estar. Máis autogoberno. Eis os eixos básicos do programa que o BNG presenta á sociedade galega. Un compromiso para construír, entre todos e todas, un país novo.

A REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS E ZONA PORTUARIA DE CAMBADOS E SAN TOMÉ

Estamos a favor dunha actuación nesta zona para mellorar a calidade de vida, os servizos aos cidadáns e apoiar ao comercio. Fomos os primeiros en dicilo na campaña electoral municipal dentro do noso programa "Un Cambados para vivir", e mantémolo agora. Pero deixemos claros algúns aspectos:

- Nós centraríamos a remodelación a partir de considerar prioritaria a modernización da Praza de Abastos e do seu entorno coa construción de novos aparcadoiros, a conversión da antiga fábrica de Peña en Salón do Mar para auditorio especializado en congresos, e a mellora urbanística das rúas de San Tome.

- Non estamos por máis recheos. Rexeitamos a proposta de novos recheos para levantar edificacións na fachada marítima cambadesa. No BNG apostamos por abrir Cambados ao mar, e non por tapalo máis.



- Pantaláns para amarre de embarcacións deportivas nos portos de San Tomé e Cambados, si, sempre que sexan compatibles coas actividades de pesca. Para iso é imprescindible que sexan consultados e tidos en conta os intereses das mariscadoras, mariñeiros e a Confraría de Cambados.

- Integrar o Vello peirao de Cambados no Paseo Marítimo, respectando a súa estrutura en

T. É unha obra civil histórica que xa forma parte do noso patrimonio e do deseño litoral de Cambados.

- Esiximos que calquera actuación na fachada marítima ou dragados ten que vir con estudos previos de dinámicas de litoral, evolución de correntes e dictame de impacto medioambiental. Non repitamos os erros de Sanxenxo que os está a pagar a praia de Silgar.

QUEREMOS QUE A ESCALEIRA DE SAN BENITO RECUPERE A SÚA FORMA ORIXINAL

No ano 1970, coas obras de pavimentación da Praza de Fefiñáns, e dentro dunha discutible remodelación, fíxose desaparecer a característica escaleira que se abría dende o adro da igrexa de San Benito á praza, sustituíndoa por un macizo paredón que oculta parte da fachada da igrexa, e que a separa do resto do conxunto.

Moitos cambadeses, sobre todo de Fefiñáns, recordan con cariño aquela escaleira, testemuño de tantos actos sociais, e desexarían a súa recuperación.

Pois ben, isto parece que vai ser posible. Por iniciativa do noso compañeiro deputado Francisco Trigo, o Parlamento de Galicia tomou o acordo unánime de instar á Xunta a elaboración dun proxecto que devolva á escaleira de San Benito o seu aspecto orixinal.



DENUNCIA ANTE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE POLOS VERTIDOS

Nos dous últimos boletíns viñemos denunciando a lamentable situación na que se atopa o saneamento de Cambados, provocada pola saída directa ao mar de augas residuais sen depurar, cousa que non era nova, pois xa o denunciáramos en ocasións anteriores. Estas denuncias públicas, en todo caso, sempre estiveron precedidas da presentación de escritos, preguntas, mocións e outras iniciativas no concello.

Ante a inoperancia do goberno municipal, que non só non emprende accións para corrir estas deficiencias; senón que, por riba, aínda as nega, e descalifica á oposición que está a cumprir coa súa función de control do labor municipal; o BNG presentou a finais de novembro ante a Consellería de Medio Ambiente un detallado escrito de denuncia, acompañado de ampla documentación gráfica.

A gravidade da situación require que se tomen xa, de xeito urxente, medidas correctoras por parte, tanto da administración municipal, coma da autonómica.



VERTIDO NA DESEMBOCADURA DO UMIA

O BNG ESIXE QUE NON SE LLES COBRE AOS VECIÑOS E VECIÑAS OS 18.59 € CORRESPONDENTES Á DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

O concello de Cambados, xunto cos de Ribadumia e Vilanova pasan a ter a taxa por sumidoiros máis alta da comarca, de 14,89€ súbese a 33,48€.

Os representantes do BNG na Mancomunidade do Salnés, denuncian que a adxudicación do servizo de sumidoiros dos tres concellos á empresa Espina&Delfín, aprobada cos votos do Partido Popular e do PSOE é perxudicial para os veciños e veciñas, dado que agora van pagar sómente por un servizo o mesmo que polo de sumidoiros e depuración xuntos. Se a tarifa en vigor por sumidoiros era de 14.89 € e por depuración de 18.59€ coa nova adxudicación pásase a pagar só polo servizo de depuración 33.48 € no presente ano 2005 e para o ano 2006 esta cifra verase aumentada nun 23% .

Diante desta situación os grupos municipais do BNG nestes tres concellos solicitaron dos respectivos gobernos municipais que eximan aos veciños e veciñas de pagar a taxa de depuración desde o mes de abril, data na que a Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia asumeu a xestión e o custe deste servizo.

O BNG non vai a permitir que a mala xestión do Partido Popular a teñan que solucionar os petos dos veciños e veciñas de Cambados, e polo tanto estará moi pendente para que non se pase ao cobro unha taxa por un servizo que a empresa adxudicataria non está a prestar.

OS CEMITERIOS DE CAMBADOS

O BNG leva anos tentando que o goberno municipal tome conciencia da necesidade de que Cambados conte cun cemiterio municipal, que reúna os necesarios servizos que unha instalación deste tipo debe prestar a tódolos veciños do concello, As continuas mocións, escritos e rogos presentados sempre foron rexeitados polo PP, argumentando que eles son partidarios de que os cemiterios sexan parroquiais.

Así pois, en vista de que o goberno do PP non está pola existencia dun cemiterio municipal, e si pola potenciación dos parroquiais, o grupo do BNG presentou unha moción para que ás comisións veciñais de Castrelo e Corvillón, que recentemente acaban de facer obras de ampliación nos seus respectivos cemiterios parroquiais, se lles pagasen os gastos de confección de proxecto e trámites, como se fixo tamén coa comisión veciñal do de Santa Mariña de Cambados.

Aínda que a proposta estaba na liña do que defende o PP, este, unha vez máis, votou que non polo simple feito de ser unha iniciativa do BNG.

ORZAMENTO - 2005

O grupo municipal do PP e o alcalde Cores Tourís fixeron todo o posible para non dar tempo nin facilitar o estudo do orzamento para o 2005, o documento máis importante dos que se debaten durante o ano. O grupo municipal do BNG ata solicitou un aprazamento deste debate, pero o grupo popular rexeitouno. Por responsabilidade ante os nosos votantes e tódolos veciños de Cambados, e coidando que é o noso deber, fixemos o esforzo de estudalo e analizalo. Deste estudo sacamos unha serie de conclusións, que nos moveron a votar en contra da súa aprobación.

Así:

★ Os ingresos baséanse nunha subida esaxerada dos impostos e taxas de lixo, da auga, de vehículos e doutros servizos, moi por riba do IPC; sen embargo este ano os orzamentos caracterízanse por baixar de 18 millóns de € a 10.800.000 €; xustificándose esta diminución de oito millóns de euros na redución de axudas da Unión Europea,

★ O déficit económico sigue aumentando; pero, ollo, agora xa hai menos que vender. Xa non aparece o Campo da Mercede nos orzamentos, como era característico nos presentados anteriormente; pero tampouco aparecen os 2.700.000 euros que pagou a empresa que o mercou. Ao Concello só lle quedan 1.300.000 de aqueles cartos,

despois de pagar débedas e obras xa proxectadas e realizadas previamente a esa venda. Hai que cambiar o modelo de xestión do Concello.

★ O modelo político que presenta o equipo de goberno é **seguir especulando co patrimonio municipal** de tódolos cambadeses e con certos servizos públicos que o Concello debe prestar aos cidadáns. Nos orzamentos aparecen como ingresos : 760.000 euros pola venda de terreos do aproveitamento urbanístico que lle corresponde nos convenios que se asinen; 300.000 euros a cobrar por terreos ocupados; 92.000 euros por multas urbanísticas a cobrar este ano por infraccións nos últimos catro anos (moitas delas previamente consentidas); dar en aluguer a nave de servizos múltiples do polígono por 600.000 €. O Concello non pode ser unha empresa inmobiliaria.

★ O concello de Cambados este ano non pode pedir máis créditos bancarios, como xustifica a Interventora no seu informe. Ao ser o aforro neto negativo, para pedir un crédito máis, por lei, o Goberno Municipal deberá presentar un Plan de Saneamento Financeiro, que ten que ser aprobado polo Ministerio de Facenda. **A débeda real do Concello de Cambados debe andar ao redor dos 4 millóns de euros.** ¡E iso que venderon, cobraron e gastaron boa parte os cartos da Mercede, e subiron os impostos e as taxas municipais.!

★ Tamén, en contra do que aconsella o informe de Intervención, consígnanse como ingresos subvencións,

procedentes da Xunta, de Ministerios e da Deputación, sen constatación documental.

★ Hai un incremento de **95.000 euros a pagar a Sogama** (tras aumentar xa o ano pasado 70.000). Estamos pagando a recollida do lixo de anos atrás, que o concello cobraba os cambadeses, pero non pagaba a Sogama.


★ **Falta de axuda e apoio ao comercio local.** Dedícase a mantemento da Praza de Abasto e Matadoiro (dous edificios moi deteriorados) a mesma cantidade que o ano pasado, 1.000 euros. No 2.003 era de 3.000. A promoción do comercio local queda en 5.000 euros. Baixa 10.000 euros.

★ Un dato para a reflexión: este ano o **Concello pensa recadar 18.000 euros (9.000 máis que o ano pasado) por retirada de vehículos.** Non se resolve o problema de aparcamentos, pero a grúa vai funcionar a tope.

★ Un dato curioso: **o gasto do teléfono este ano vai subir en 19.000 euros**, prevese unha factura superior aos 42.000 euros. Se sumamos outras partidas podería estar sobre os 50.000, parecida cantidade á dedicada ao mantemento de tódolos colexios públicos en Cambados



O APARCAMENTO DA XUVENTUDE



Todos estamos de acordo en que son necesarios aparcamentos no centro urbano de Cambados. Pero, ¿o aparcamento da Xuventude vai solucionar os problemas que temos? Non, nin siquiera vai ser unha axuda. Das 50 prazas con que contará, un 70% alugaranse por meses ou por anos; o que quere dicir que só quedará un 30% (15 prazas) para que poidan aparcar por horas os que veñen de fóra.

A súa construción vai significar graves riscos para o Auditorio, para as Casas Baratas e para outros edificios próximos, pola existencia da grande cantidade de pedra que haberá que dinamitar; como xa ocorreu na rúa Carballeira.

Se as prazas son poucas e a construción vai ser moi custosa, ¿como é que unha empresa privada se anima a facer esta obra? Pois porque esta empresa, que é a mesma que está a facer o edificio de vivendas na parte de arriba, poderá vender mellor os seus pisos e prazas de garaxe, que van ter acceso directo a través do aparcamento.

Ao goberno municipal non lle preocupa que só se oferten 15 prazas para aparcamento público, senón que o xerente da empresa, ligado por intereses políticos e económicos a persoeiros do PP, arregle os seus problemas particulares.

O BNG responsabiliza a Tourís das irregularidades da Comunidade de Montes de Oubiña

Diante da reclamación por parte da Axencia Tributaria de 111.618 euros a 73 comuneiros de Oubiña o BNG solicitou que o alcalde de Cambados dera explicacións no Pleno da Corporación sobre a súa responsabilidade nesa grave situación. O Partido Popular co alcalde Cores Tourís á cabeza, negouse a que un tema tan importante fora tratado no Pleno e por tanto aos veciños e veciñas de Cambados non se nos deu explicación sobre a implicación que ten o goberno municipal neste tema.

O BNG sabe que se nos impediu tratar esta cuestión no Pleno porque de terse feito Tourís tería que explicar como un alcalde e senador reúne a uns veciños para que un avogado amigo del lles explique como deben facer para

incumprir coas súas obrigas coa Facenda. É dicir, Tourís, tería que dar a cara e xa sabemos que ese non é o seu estilo.

A pena é que todo o que advertimos no seu momento estase cumprindo. Prometéronsenos 1000 postos de traballo no polígono hai cinco anos e non se sabe nada deles, díxoselle á xente que non declarase os ingresos recibidos pola venda do monte, e agora Facenda, como é lóxico, reclámalle a cada un dos veciños que incumpriron coas súas obrigas fiscais 1229.95 euros.

O BNG, ademais de denunciar unha vez máis a responsabilidade do Partido Popular e de Cores Tourís neste engano, quere felicitar aos 78 comuneiros e comuneiras de Oubiña que cumpriron co seu deber coa Facenda pública e se resistiron aos enganos e á manipulación caciquil.

OUTRAS INICIATIVAS DO BNG

➤ No pleno do 24 de febreiro aprobouse unha moción do BNG para que se elabore un **Regulamento Orgánico de Réxime Interno**, que estableza as normas polas que se debe organizar e funcionar a Corporación Municipal, para garantir o correcto desenvolvemento do seu labor e da participación democrática de tódolos seus membros.

➤ Tamén nese pleno se aprobou por unanimidade o proxecto de **Regulamento do Consello Escolar Municipal**, xa corrixido, despois de que no pleno anterior o BNG advertise de que non se axustaba á lei, e tivese que ser retirado.

➤ No **colexio de Corvillón** hai ratas, un campo de xogo en malas condicións e un peche sen terminar. Nos **colexios de San Tomé e A Pastora** non hai sitio para máis párvulos. Non chega con aprobar un regulamento tarde, mal e a rastro; senón que é urxente a posta en funcionamento do Consello Escolar para tratar destes asuntos.

➤ No mes de novembro, cando o concello quixo organizar uns cursos dentro dun "**Plan Experimental de Emprego**" non atopou quen estivese disposto a asistir. Ao final, despois de varios cambios e xestións, conseguíuse cubrir a matrícula. Rematados xa os cursos non se sabe nada do seu resultado. O BNG preguntou, pero o goberno municipal non contesta. ¿Por que a xente non está motivada con estas iniciativas? ¿Será que xa non comulga con pedras de muíño e desconfía das promesas de emprego do PP?

➤ O BNG pediu que se atendan as reclamacións dos **veciños de San Francisco** para que se fagan unha serie de melloras no seu barrio, e as dos **veciños da rúa Hospital** afectados polas obras de peonalización.

➤ Dende que hai máis de tres anos se presentou o **Avance do PXOM de Cambados**, e se presentaron diversas suxerencias ao mesmo, nunca máis se volveu a saber dese proxecto. Neste tempo, en polo menos oito ocasións, o BNG demandou información; pero o alcalde sempre se negou. ¿Que se estará a cocer na redacción deste plan?

➤ O BNG é partidario de que por parte do concello se promocionen actividades complementarias e alternativas (as chamadas "**noites abertas**"), co obxecto de mellorar a movida e enriquecer a oferta de lecer de Cambados.

CONSTRUÍNDO UN PAÍS NOVO DESDE O SALNÉS

Da candidatura do BNG pola provincia de Pontevedra forman parte un compañeiro e dúas compañeiras, que veñen demostrando día a día o seu compromiso e a súa capacidade para aportar o mellor da comarca do Salnés a esa alternativa transformadora que de seguro a partires do 19 de xuño, e con Anxo Quintana na Presidencia da Xunta de Galiza, empezará a traballar por un país novo. Son:

Roberto Alfonso Fernández Lores: traballador de banca; portavoz do Grupo Municipal no concello de Sanxenxo, membro do Consello Comarcal do Salnés do BNG. Foi Presidente do Vilalonga Club de Fútbol.

María do Carme Martínez Rodiño: mestra; portavoz do Grupo Municipal no concello de Meis, membro do Consello Comarcal do Salnés do BNG e da súa Executiva.

María Monserrat Prado Cores: traballadora da sanidade; concelleira en Cambados e portavoz na Mancomunidade do Salnés, membro do Consello Comarcal do Salnés do BNG e da súa Executiva.



Presentación da candidatura o día 11 de maio con presenza da cabeza de lista por Pontevedra Carme Adán Villamarín.

O 14 de xuño, ás 9 da tarde, o BNG celebrará un MITIN no Auditorio da Xuventude, onde estarán presentes a cabeza de lista por Pontevedra, Carme Adán, e a candidata de Cambados, Montserrat Prado Cores.

Máis información do BNG:

Www.bng-galiza.org/osalnes

E-mail: salnes@bng-galiza.org

BNG-Cambados, Rúa Borrón, 2

